

4. Cando a vítima de violencia de xénero teña ao seu cargo un familiar ou un menor acollido, que teña recoñecido oficialmente un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento, o importe da axuda será equivalente a:

a) Dezaioito meses de subsidio por desemprego, cando a vítima teña ao seu cargo un familiar ou menor acollido.

b) Vinte e catro meses de subsidio por desemprego, cando a vítima teña ao seu cargo dous ou máis familiares ou menores acollidos, ou un familiar e un menor acollido.

5. Cando a vítima de violencia de xénero con responsabilidades familiares ou o familiar ou menor acollido con quen conviva teña recoñecido oficialmente un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por cento, o importe da axuda será equivalente a vinte e catro meses de subsidio por desemprego.

6. Cando a vítima de violencia de xénero e o familiar ou menor acollido con quen conviva teñan recoñecido oficialmente un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento, o importe da axuda será equivalente a vinte e catro meses de subsidio por desemprego.

#### Artigo 7. *Responsabilidades familiares.*

Para os efectos do previsto neste real decreto, existirán responsabilidades familiares cando a beneficiaria teña ao seu cargo, polo menos, un familiar, por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, co que conviva. Non se considerarán a cargo os familiares con rendas de calquera natureza superiores ao salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

As responsabilidades familiares deberán concorrer no momento da solicitude, excepto no suposto de fillas e fillos que nazan dentro dos trescentos días seguintes. Neste suposto procederá revisar a contía da axuda percibida para adecualala á cantidade que lle correspondese se, na data da solicitude, concorresen esas responsabilidades.

Entenderase que existe convivencia cando esta se encontre interrompida por motivos derivados da situación de violencia de xénero.

Non será necesaria a convivencia cando exista obriga de alimentos en virtude de convenio ou resolución xudicial. Presumirase a convivencia, salvo proba en contrario, cando os familiares teñan recoñecida a condición de beneficiarios de asistencia sanitaria da Seguridade Social no documento que apareza expedido a nome da vítima.

#### Artigo 8. *Tramitación e pagamento da axuda.*

1. Estas axudas serán concedidas e aboadas nun pagamento único polas administracións competentes en materia de servizos sociais, de conformidade coas súas normas de procedemento.

2. Na regulación do procedemento de concesión, as administracións competentes en materia de servizos sociais velarán e garantirán que todas as fases do procedemento se realicen coa máxima celeridade e simplicidade de trámites.

Os procedementos de concesión serán, en todos os seus trámites, accesibles ás persoas con discapacidade.

3. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais reembolsará o importe íntegro destas axudas á Administración que efectuase o pagamento, con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de acordo co procedemento que para tal efecto se estableza mediante o sistema de cooperación aplicable á relación entre o dito Ministerio e tal Administración.

#### Artigo 9. *Causas de reintegro.*

Procederá a devolución íntegra das cantidades percibidas, cando se obtivese a axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, ou falseando ou ocultando os feitos ou datos que impedisen a súa concesión.

#### Disposición adicional. *Persoas con discapacidade.*

Para os efectos deste real decreto, terán a consideración de persoas con discapacidade as comprendidas no número 2 do artigo 1 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

#### Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**20791** *REAL DECRETO 1455/2005, do 2 de decembro, polo que se modifica o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, aprobado polo Real decreto 996/2003, do 25 de xullo. («BOE» 301, do 17-12-2005.)*

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, modifica o punto 5 do artigo 3 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, excluíndo a necesidade de acreditar previamente a carencia de recursos económicos por parte das vítimas de violencia de xénero que soliciten asistencia xurídica gratuíta, así como a inmediatez na prestación da devandita asistencia.

Pola súa vez, a citada Lei orgánica 1/2004 estende o dereito a todos os procesos e procedementos administrativos que teñan causa directa ou indirecta na violencia padecida, establecendo ademais que, nestes supostos, unha mesma dirección letrada asumirá a defensa das vítimas e que este dereito asistirá tamén os habentes causa en caso de falecemento da vítima. Así mesmo, a citada lei orgánica dispón que, en todo caso, se garantirá a defensa xurídica gratuíta e especializada de forma inmediata a todas as vítimas de violencia de xénero que o soliciten, sen prexuízo de que se non se lles recoñece posteriormente o dereito a esa asistencia lle deberán aboar ao avogado os honorarios devengados pola súa intervención.

Este novo réxime singular e privilexiado de exercicio destes dereitos fai necesario proceder á modificación do

Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, aprobado polo Real decreto 996/2003, do 25 de xullo.

Co obxectivo de adaptar as previsións regulamentarias ao contido da lei, e tendo en conta a garantía que a Lei orgánica 1/2004 establece dunha defensa xurídica inmediata e especializada ás mulleres vítimas de violencia de xénero, introdúcese no título I, capítulo II, «Procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta», unha sección 3.<sup>a</sup> baixo a rúbrica «Procedemento especial nos procesos que teñan causa directa ou indirecta na violencia de xénero».

Por outra parte, as novas previsións legais determinan o establecemento dun novo modelo de solicitude, así como a ampliación dos módulos e bases de compensación económica con cargo a fondos públicos, referidos ao asesoramento e asistencia inmediata á muller vítima de violencia de xénero, o que supón a modificación do anexo II do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, incorporándose ao presente real decreto como anexos 1 e 2, respectivamente.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación conferida ao Goberno nas disposicións derradeiras cuarta e quinta da Lei orgánica 1/2004, que lle outorgan ao Executivo un prazo de seis meses para aprobar as disposicións regulamentarias necesarias e para modificar o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta.

Este real decreto conta co informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial, das comunidades autónomas con competencias asumidas en materia de xustiza, do Consello Xeral da Avogacía Española e do Consello Xeral dos Procuradores dos Tribunais de España.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza e de Economía e Facenda, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de decembro de 2005,

#### DISPÓN O:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, aprobado polo Real decreto 996/2003, do 25 de xullo.*

O Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, aprobado polo Real decreto 996/2003, do 25 de xullo, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento regula o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, de conformidade co disposto na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

2. Este regulamento será de aplicación ao recoñecemento pola Administración xeral do Estado do dereito de asistencia xurídica gratuíta en relación:

a) Con todo tipo de procesos ante xulgados e tribunais con xurisdición en todo o territorio nacional ou no territorio dunha comunidade autónoma que non recibise os traspasos en materia de provisión de medios ao servizo da Administración de xustiza.

b) Cos procedementos administrativos cuxa tramitación e resolución corresponda a órganos da Administración xeral do Estado, sempre que se encontren legalmente comprendidos no dereito de asistencia xurídica gratuíta.

3. Exceptúanse do disposto nos puntos anteriores os artigos 16; 20; puntos 1, 3 e 4 do artigo 27; 33; 34 e 35 deste regulamento, que, de conformi-

dade co previsto na disposición adicional primeira da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, serán de aplicación xeral en todo o territorio nacional.»

Dous. Engádesse ao capítulo II do título I, unha sección 3.<sup>a</sup>, co seguinte contido:

«SECCIÓN 3.<sup>a</sup> PROCEDEMENTO NAQUELES PROCESOS XUDICIAIS E PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS QUE TEÑAN CAUSA DIRECTA OU INDIRECTA NA VIOLENCIA DE XÉNERO

**Artigo 25 bis.** *Iniciación e presentación da solicitude.*

1. Cando se trate da prestación do servizo de orientación xurídica, defensa e asistencia letrada ás mulleres vítimas de violencia de xénero, este asegurarse a todas as que o soliciten, procedéndose de forma inmediata á designación de avogado de oficio dentro da quenda especializada na defensa das vítimas de violencia de xénero que para tal efecto establezan os colexios de avogados nos seus respectivos ámbitos.

2. Designado o avogado de oficio, este informará a súa defendida do dereito que a asiste para solicitar o beneficio de asistencia á xustiza gratuíta, informará dos requisitos necesarios para o seu recoñecemento, auxiliándoa se fose necesario na redacción dos impresos de solicitude, e advertirá de que, de lle non ser recoñecido con posterioridade o dereito á asistencia xurídica gratuíta, deberá aboar ao seu cargo os honorarios correspondentes.

3. Se a interesada desexa solicitar o dereito de asistencia xurídica gratuíta, cubrirá o modelo que se xunta como anexo I.IV e presentaráo no Servizo de Orientación Xurídica do colexio de avogados territorialmente competente no prazo máximo de 48 horas contadas desde o momento en que recibise a primeira atención, ou ben no rexistro correspondente do xulgado do seu domicilio dentro dese mesmo prazo máximo de 48 horas. Neste último caso, o xulgado remitiralle a solicitude ao colexio de avogados territorialmente competente de forma inmediata.

Na solicitude constarán os datos identificativos da solicitante e deberá estar debidamente asinada por esta; dada a inmediatez na prestación de asistencia xurídica, non será precisa a acreditación previa da carencia de recursos económicos por parte da asistida, sen prexuízo da obriga de presentar a documentación necesaria no colexio de avogados.

**Artigo 25 ter.** *Presentación da documentación.*

1. A solicitante de asistencia xurídica gratuíta deberá presentar a documentación necesaria relacionada no anexo I.IV no Servizo de Orientación Xurídica do colexio de avogados xuntamente coa solicitude, ou ben no prazo máximo de cinco días a partir da súa presentación.

2. Transcorrido o dito prazo, se a interesada non achegase a documentación considerárase que desistiu da súa solicitude e o colexio de avogados procederá ao seu arquivo, dándolle conta ao letrado para que actúe en consecuencia.

3. Analizada a solicitude e a documentación presentada, se esta fose insuficiente, será requirida a solicitante para que emende os defectos advertidos no prazo de 10 días hábiles; de o non facer así, considerárase igualmente que desistiu na súa solicitude.

4. Se a documentación fose suficiente, emendados, se é o caso, os defectos advertidos, o colexio de avogados, no prazo de tres días, trasladará o expediente á Comisión de asistencia xurídica gra-

tuíta xunto cun informe sobre a procedencia da prentensión, comunicando, así mesmo, a designación efectuada do letrado que asumiu a asistencia de oficio.

**Artigo 25 quater. Instrución e resolución do procedemento.**

1. Recibido o expediente na Comisión de asistencia xurídica gratuíta e realizadas as comprobacións pertinentes, esta ditará resolución que recoñeza ou denegue o dereito no prazo máximo de 30 días contados desde a recepción do expediente completo.

Cando se trate da prestación do servizo de asistencia letrada á muller vítima dun delito susceptible de axuízamento rápido, a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta daralle preferencia á tramitación da solicitude, procurando que a resolución pola que se recoñeza ou denegue o dereito se dite con anterioridade á data de celebración do xuízo oral.

2. A resolución notificaráselles no prazo común de tres días á solicitante, ao colexio de avogados e, se é o caso, ao colexio de procuradores, ás partes interesadas e ao xulgado ou tribunal que estea coñecendo do proceso, ou ao xuíz decano da localidade se aquel non se iniciase.

Se a resolución fose estimatoria, o letrado da quenda de oficio designado inicialmente e, se é o caso, o procurador quedarán confirmados, asumindo a asistencia xurídica, a defensa e, se é o caso, a representación gratuítas en todos os procesos e procedementos administrativos que deriven da violencia padecida.

3. Se fose desestimatoria, a solicitante poderá designar avogado e procurador de libre elección, debendo aboar os honorarios e dereitos económicos ocasionados polos servizos efectivamente prestados aos profesionais designados de oficio con carácter provisional. Neste caso, o letrado actuante teralle que reembolsar á Administración o importe das retribucións percibidas con motivo da súa intervención profesional.

**Artigo 25 quinquies. Aplicación supletoria das normas comúns.**

No non previsto expresamente nesta sección, aplicaráselle a este procedemento as normas comúns contidas na sección 1.<sup>a</sup>)»

Tres. Os artigos 27, 28 e 29 quedan redactados do seguinte modo:

«Artigo 27. *Obrigas profesionais.*

1. Os avogados e procuradores designados de oficio desempeñarán as súas funcións de forma real e efectiva ata a finalización do procedemento na instancia xudicial de que se trate e, se é o caso, ata a execución das sentenzas, se as actuacións procesuais nesta se producisen dentro dos dous anos seguintes á resolución xudicial ditada na instancia.

2. No procedemento especial para o axuízamento rápido de delitos, a asistencia letrada será prestada polo mesmo avogado desde o momento da detención, se a houber, ou desde que se requira a devandita asistencia e ata a finalización do procedemento, incluído o xuízo oral e, se é o caso, a execución da sentenza.

3. No suposto de asistencia ás mulleres vítimas de violencia de xénero, a orientación xurídica, defensa e asistencia serán asumidas por unha mesma dirección letrada desde o momento en que se requira, e abranguerá todos os procesos e procedementos administrativos que teñan causa directa

ou indirecta na violencia padecida ata a súa finalización, incluída a execución de sentenza. Este mesmo dereito asistirá tamén os habentes causa en caso de falecemento da vítima.

4. Só na orde penal os letrados designados se poderán escusar da defensa, sempre que conorra un motivo persoal e xusto, que será apreciado polos decanos dos colexios. No suposto de atención ás vítimas de violencia de xénero, a aceptación da escusa na orde penal implicará o cesamento nos demais procedementos e a designación dun novo letrado.

**Artigo 28. Réxime de gardas.**

1. Para a atención letrada ao detido durante a detención e a realización das primeiras dilixencias de instrución criminal que resulten procedentes, así como para a asistencia letrada a quen se lle atribúa un delito no atestado policial, fose detido ou non, para cuxa instrución e axuízamento é de aplicación o procedemento especial previsto no título III da Lei de axuízamento criminal, na súa redacción dada pola Lei 38/2002, do 24 de outubro, todos os colexios de avogados establecerán un réxime de gardas que garanta, de forma permanente, a asistencia e defensa daqueles.

2. Para a orientación xurídica, defensa e asistencia letrada inmediatas das mulleres vítimas de violencia de xénero en todos os procesos e procedementos que teñan causa directa ou indirecta na violencia padecida e desde o momento en que o requiran, todos os colexios de avogados establecerán un réxime de gardas especializado na defensa das vítimas de violencia de xénero.

3. O réxime de gardas así como o número de letrados que integran cada servizo de garda determinarase, entre outras circunstancias, en función do volume de litixiosidade, ámbito territorial, características xeográficas ou situación e distancia dos centros de detención. Para tal efecto, o Consello Xeral da Avogacía Española, coa conformidade do Ministerio de Xustiza, determinará os parámetros a que han de se axustar os colexios profesionais na determinación do número de letrados que ten que integrar o servizo de garda.

**Artigo 29. Prestación dos servizos de garda.**

1. Con carácter xeral, os servizos de garda prestaranse con periodicidade diaria, e incorporaranse a estes, en situación de dispoñibilidade ou de presenza física, todos os letrados que o integren conforme o réxime establecido polo colexio respectivo, e que realizarán cantas asistencias sexan necesarias durante o servizo de garda.

2. Excepcionalmente, naqueles colexios en que a reducida dimensión das súas actividades ou outras características así o aconsellen, poderanse establecer servizos de garda con diferente periodicidade, aos que se irán incorporando os letrados a medida que se produza algunha incidencia que requira asistencia letrada.

3. Para a orientación xurídica, defensa e asistencia letrada inmediata das mulleres vítimas de violencia de xénero establecerase en cada colexio de avogados unha garda de dispoñibilidade da cal formarán parte letrados especializados na defensa das vítimas de violencia de xénero, no número que determine o propio colexio de conformidade cos parámetros que para tal efecto se determinen conforme o disposto no punto 3 do artigo anterior e coa periodicidade que así mesmo se determine.

4. O réxime de prestación de servizos de garda que se determine requirirá ser coñecido, con carácter previo, polo Ministerio de Xustiza.»

Catro. O artigo 30 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 30. *Efectos do recoñecemento do dereito.*

1. O recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta levará consigo a confirmación das designacións provisionais de avogado e, se é o caso, procurador de oficio, e se estas non se producisen, o nomeamento inmediato dos profesionais que defendan e, se é o caso, representen o titular do dereito, así como do resto das prestacións que integren o dereito. En cada ámbito territorial, os colexios de avogados e os colexios de procuradores actuarán de maneira coordinada para efectuar as designacións que procedan en cada caso, e non poderá actuar, ao mesmo tempo, un avogado de oficio e un procurador libremente elixido ou viceversa, salvo que o profesional de libre elección renuncie por escrito a percibir os seus honorarios ou dereitos ante o titular do dereito á asistencia xurídica gratuíta e ante o colexio ante o que se atope inscrito.

2. Na orde penal, asegurárase en todo caso a defensa desde o momento mesmo da detención, sen prexuízo do aboamento polo cliente dos honorarios devengados se non lle fose recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta.

3. Cando se trate de asistencia á muller vítima de violencia de xénero, asegurárase a devandita asistencia desde o momento en que a muller o solicite, producindo a falta de recoñecemento do dereito iguais efectos aos sinalados no punto anterior.»

Cinco. Os artigos 36 e 38 quedan redactados do seguinte modo:

«Artigo 36. *Subvención.*

1. O Ministerio de Xustiza subvencionará con cargo ás súas dotacións orzamentarias a implantación e prestación dos servizos de asistencia xurídica gratuíta polos colexios de avogados e procuradores no seu ámbito de xestión.

O importe da subvención aplicarase a retribuír as actuacións profesionais previstas pola lei sempre que teñan por destinatarios os que sexan beneficiarios do dereito á asistencia xurídica gratuíta. Así mesmo, destinarase a retribuír os gastos devengados pola tramitación dos expedientes de asistencia xurídica gratuíta, así como, se é o caso, o asesoramento e a orientación previos ao proceso.

2. Os libramentos das subvencións efectuaranse trimestralmente.»

«Artigo 38. *Devengo da indemnización.*

1. Os avogados e procuradores devengarán a retribución correspondente á súa actuación, nas porcentaxes establecidas no anexo III, unha vez acrediten documentalmente ante os seus respectivos colexios a intervención profesional realizada, que terá que ser verificada por estes. Esta documentación será conservada polos colexios, que a porán á disposición do Consello Xeral da Avogacía Española e, se é o caso, do Ministerio de Xustiza cando sexa solicitada.

2. Cando se trate do servizo de asistencia letrada ao detido, a indemnización devengarase por servizo de garda de 24 horas ao finalizar este e as asistencias realizadas consideraranse, coas limitacións que se establezan, como unha única actuación.

Se, excepcionalmente, o servizo de garda fose de duración superior, retribuirase por asistencia individualizada, sen que a retribución diaria de cada letrado, sexa cal sexa o número das realizadas, poida exceder do dobre da cantidade asignada por día a cada letrado por servizo de garda de 24 horas.

As actuacións posteriores á primeira declaración do detido ou preso consideraranse incluídas na retribución que corresponda ao procedemento de que se trate conforme o baremo establecido no anexo II.

3. Cando se trate de asesoramento e asistencia á muller vítima de violencia de xénero, o servizo de garda retribuirase conforme o baremo establecido no anexo II. As actuacións posteriores en procesos ou procedementos administrativos que teñan a súa orixe directa ou indirecta na violencia padecida retribuiranse igualmente conforme as bases e módulos establecidos no anexo II correspondentes ao procedemento de que se trate.

4. Cando se trate dun procedemento de axuizamento rápido, excepto no suposto a que se refire o punto anterior, en que as actuacións que se realicen se retribuirán na forma indicada nel, todas as actuacións, incluída a asistencia letrada ao detido, se a houber, se considerarán incluídas na retribución que corresponda ao procedemento conforme o baremo establecido no anexo II. Emporiso, se unha vez prestada a asistencia letrada ao detido nas dilixencias policiais ou na primeira comparecencia xudicial, o xuíz determinase que o procedemento non é susceptible de tramitación rápida, a actuación letrada de asistencia ao detido considerárase, para efectos da súa retribución, como asistencia individualizada, e devengarase unha vez adoptada a resolución xudicial e logo da súa acreditación.

5. Así mesmo, se durante o servizo de garda os letrados aos que por quenda lles corresponda non efectuasen ningunha intervención serán retribuídos por teren permanecido en dispoñibilidade na contía que se fixa no anexo II.

Se, polo contrario, durante o tempo da garda o número de letrados que constitúe o servizo de garda de asistencia para o axuizamento rápido de delitos excepcionalmente resultase insuficiente, os letrados que forman parte do servizo de garda de asistencia ao detido poderán pasar a reforzar o devandito servizo, sen prexuízo de percibiren a indemnización correspondente por servizo de garda ao detido. Este reforzo, en calquera caso, será acordado polo colexio correspondente, á vista da situación formulada.

6. En todos os casos, a documentación acreditativa da actuación profesional realizada ten que ser presentada no colexio, dentro do prazo dun mes natural, contado a partir da data da súa realización.»

Seis. Apróbase o novo anexo I.IV así como a modificación do anexo II, que se incorporan como anexos 1 e 2, respectivamente, do presente real decreto.

Sete. Engádese unha nova disposición adicional única coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Autorización de cesión de datos de natureza tributaria ás comisións de asistencia xurídica gratuíta.*

A presentación da solicitude de asistencia xurídica gratuíta suporá a autorización do solicitante para que a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta obteña de forma directa da Administración tributaria a acreditación, se é o caso, de que non está obrigado a presentar declaración polo imposto da renda

das persoas físicas, en cuxo caso o solicitante non deberá achegar a correspondente certificación.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, en cuxo caso deberá achegar a mencionada certificación.»

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Derrógase a disposición adicional única do Real decreto 996/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuita.

**Disposición derradeira primeira.** *Medidas de aplicación e habilitación para modificar os modelos de solicitude.*

1. Autorízase o ministro de Xustiza para ditar, no ámbito das súas competencias, as medidas precisas para a aplicación deste real decreto.

2. Autorízanse os ministros de Xustiza e de Economía e Facenda para modificar mediante orde conxunta os modelos contidos no anexo I do Regulamento de asistencia xurídica gratuita.

**Disposición derradeira segunda.** *Efectos económicos.*

As retribucións derivadas de todas as intervencións polas asistencias prestadas ás mulleres vítimas de violencia de xénero realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2005 e con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, retribuiranse na forma e contía establecida nos módulos e bases de compensación económica previstos no seu anexo II.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## ANEXO 1

## "ANEXO I.IV"

## Solicitude do dereito de asistencia xurídica gratuíta para a defensa e representación letrada á muller vítima de violencia de xénero

APELIDOS E NOME		NIF, NIE (ou, en defecto de NIE, número de pasaporte)	
NACIONALIDADE	DATA DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO	
DOMICILIO (rúa, número e piso)	MUNICIPIO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
ESTADO CIVIL	PROFESIÓN OU OFICIO		

**SOLICITO formalmente que me sexa recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta establecida na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, para as seguintes dilixencias:**

Defensa e representación en:

PROCEDEMENTO XUDICIAL / ADMINISTRATIVO	ÓRGANO XUDICIAL / ORGANISMO OU ENTIDADE PÚBLICA
--	---

Para tal fin, manifesto expresamente que:

A miña relación co agresor é:		
PARENTESCO	SITUACIÓN LEGAL	MEDIDAS XUDICIAIS
.....	.....	.....
.....	.....	.....
.....	.....	.....

A miña situación familiar é (familiares que conviven coa solicitante):		
APELIDOS E NOME	PARENTESCO	IDADE
.....	.....	.....
.....	.....	.....
.....	.....	.....
.....	.....	.....

A miña situación económica é (ingresos anuais da unidade familiar):

MEMBRO	IMPORTE BRUTO	CONCEPTO (salario, subsidio, pensión..)
<input type="checkbox"/> Declarante .....	€ .....	
<input type="checkbox"/> Cónxuxe .....	€ .....	
<input type="checkbox"/> Fillos .....	€ .....	
<input type="checkbox"/> Outros .....	€ .....	
.....		
<b>TOTAL INGRESOS:</b> ..... €		

**USO DO DOMICILIO FAMILIAR:**

- Propiedade
- Alugamento
- Outros

**OUTROS BENS:**

- Propiedades mobles
- Propiedades inmoables
- Contas correntes e de aforro
- Outros produtos financeiros

Manifesto que son certos os datos indicados e comprométome a presentar a documentación necesaria no prazo máximo de 5 días contados desde o da presentación da solicitude.

**No caso de non estar obrigada a presentar declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, a presentación desta solicitude implica que AUTORIZO a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta a que obteña de forma directa da Administración tributaria a acreditación da dita ausencia de obriga.**

A declaración errónea, falsa ou con ocultación de datos relevantes suporá a revogación do recoñecemento do dereito; en tal caso estarei obrigada a pagar as prestacións que obtivese, ademais de quedar suxeita ás responsabilidades que se me poidan exixir.

Solicito que me sexan asignados avogado e procurador da quenda de oficio, e comprométome a aboar a minuta do avogado e procurador que me asistan de oficio no caso de non me ser recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta.

Sinatura da solicitante

Lugar e data

.....

.....

➔ DOCUMENTACIÓN QUE TEN QUE PRESENTAR A SOLICITANTE:

● DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do NIF, as españolas e cidadás da Unión Europea; fotocopia da tarxeta de identidade de estranxeira en vigor ou, no seu defecto, do pasaporte en vigor, as extranxeiras non nacionais dun Estado membro da Unión Europea.
- Declaración impositiva da unidade familiar (última declaración de IRPF e, se é o caso, do imposto sobre o patrimonio).
- Certificado da **Administración tributaria** de non ter presentada declaración (no caso de que a unidade familiar non estea obrigada a presentar declaración do IRPF) **(a solicitante deberá achegar este certificado se denega expresamente o consentimento antes mencionado á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta (1))**.
- Certificación catastral (bens inmobles).
- Nota simple do Rexistro da Propiedade (se se alegan cargas sobre o inmoble).
- Certificado dos centros de traballo e das altas e baixas da Seguridade Social.
- Certificado de empresa que acredite os ingresos brutos anuais.
- Certificado do Servizo Público de Emprego Estatal (SPEE) en que conste a percepción de axuda por desemprego e período a que se estende.
- Certificado de cobramento de pensións públicas.

● OUTRA DOCUMENTACIÓN:

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

(1) DENEGO expresamente o meu consentimento para que a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta obteña de forma directa da Administración tributaria a acreditación, se é o caso, de que non estou obrigada a presentar declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas.

Sinatura da solicitante

Lugar e data

.....

.....



## ANEXO 2

## "ANEXO II

## Módulos e bases de compensación económica – Avogados

<i>Asistencia ao detido ou preso</i>	
Asistencia individualizada (procedemento penal xeral ou axuizamento rápido)	60,10 €
Servizo de garda de 24 horas. Asistencia ao detido – Audiencia Nacional	150 €
Servizo de garda de 24 horas. Asistencia ao detido (procedemento penal xeral)	114,19 €
Servizo de garda de 24 horas. Asistencia ao detido en procedemento de axuizamento rápido (carácter excepcional)	60,10 €
<i>Asesoramento e asistencia inmediata á muller vítima de violencia de xénero</i>	
Por dispoñibilidade cando non fose requirida a asistencia durante o servizo de garda de 24 horas	60,10 €
Por dispoñibilidade e asesoramento previo prestado sen que a vítima requirise ningunha outra actuación no servizo de garda, por cada asistencia (cun límite de 120,20 euros)	60,10 €
Por dispoñibilidade e por asesoramento previo prestado con asistencia na formulación da denuncia ou solicitude de orde de protección, por cada asistencia (cun límite de 180 euros)	90 €
Vía previa administrativa ou conciliación previa en materia laboral	60,10 €
Gastos de desprazamento se o lugar en que hai que prestar a asistencia:	
- Dista máis de 5 km da sede do colexio en cuxa circunscrición se comprende o partido xudicial	12,02 €
- Dista máis de 25 km da sede do colexio en cuxa circunscrición se comprende o partido xudicial	30,05 €
- Dista máis de 50 km da sede do colexio en cuxa circunscrición se comprende o partido xudicial	50 €
<i>Xurisdición penal</i>	
Procedemento con tribunal do xurado	300,51 €
Procedemento penal de especial complexidade	300,51 €
Por cada mil folios	18,03 €
A partir de cinco comparecencias ante o xulgado, por cada cinco comparecencias	18,03 €
A partir de dous días de vista, por cada día	54,09 €
Procedemento penal de especial complexidade ante a Audiencia Nacional	315 €
Por cada mil folios	19 €
A partir de cinco comparecencias ante o xulgado, por cada cinco comparecencias	19 €
A partir de dous días de vista, por cada día	57 €
Procedemento penal xeral	270,45 €
Procedemento penal xeral ante a Audiencia Nacional	283 €
Procedemento abreviado	200 €
Procedemento abreviado ante a Audiencia Nacional	210 €
Procedemento de axuizamento rápido con asistencia a detido	240 €
Procedemento de axuizamento rápido sen asistencia a detido	220 €
Procedemento penal de menores, incluída peza de responsabilidade civil	200 €
Procedemento penal de menores ante a Audiencia Nacional	132 €
Expedientes de vixilancia penitenciaria	114,19 €
Expedientes de vixilancia penitenciaria ante a Audiencia Nacional	120 €
Asistencia á comparecencia da orde de protección	60,10 €
Xuízos de faltas	70 €
Procedemento abreviado con desprazamento para a asistencia a xuízo oral	224,04 €
Gastos de desprazamento por saídas a centros de prisión:	
- Se distan máis de 5 km da sede do colexio en cuxa circunscrición se comprende o partido xudicial	12,02 €
- Se distan máis de 25 km da sede do colexio en cuxa circunscrición se comprende o partido xudicial	30,05 €
- Se distan máis de 50 km da sede do colexio en cuxa circunscrición se comprende o partido xudicial	50 €

<i>Xurisdición civil</i>	
Xuízo ordinario	240,40 €
Verbal	150 €
Xuízo completo de familia contencioso	200 €
Medidas provisionais	60,10 €
Xuízo completo de familia de mutuo acordo	120 €
Filiación, paternidade, capacidade	200 €
Monitorio	150 €
División xudicial de patrimonios	150 €
Cambiaro	150 €
Solicitude e asistencia ás medidas previas de separación e divorcio	60,10 €
Solicitude e asistencia á vista das medidas cautelares previas ou provisionais do artigo 770.6ª da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil	60,10 €
Procesos sobre guarda e custodia ou alimentos de fillos menores	120 €
Petición de eficacia civil de resolucións de tribunais eclesiásticos	60,10 €
Procedemento completo de modificación de medidas	90 €
Xurisdición voluntaria	150 €
<i>Xurisdición contencioso-administrativa</i>	
Vía administrativa previa (estranxeiría e asilo)	72,12 €
Vía administrativa previa (estranxeiría e asilo) ante a Audiencia Nacional	75 €
Recurso contencioso-administrativo	198,33 €
Recurso contencioso-administrativo ante a Audiencia Nacional	208 €
<i>Xurisdición social</i>	
Procedemento íntegro	132,22 €
Recurso de suplicación	72,12 €
<i>Xurisdición militar</i>	
Fase sumarial	60,10 €
Fase xuízo oral	120,20 €
<i>Recursos</i>	
Recurso de casación	260 €
Recurso de casación cando non se formaliza e hai só anuncio	24,04 €
Recurso de amparo	260 €
Recurso de apelación	102,17 €
<i>Normas xerais</i>	
Transaccións extraxudiciais	75% da contía aplicable ao procedemento
Informe motivado da insustentabilidade da pretensión	30,05 €
<i>Procedementos en vía administrativa</i>	
Solicitudes e reclamacións	20 €
Recursos en vía administrativa	60 €

#### Módulos e bases de compensación económica – procuradores

<i>Xurisdición penal</i>	
Todos os procedementos	18,03 €
Apelacións	21,04 €
<i>Xurisdición civil</i>	
Todos os procedementos	24,04 €
Apelacións	21,03 €